

Creo que comín algo que non me fixo ben, síntome mal dende fai un bo anaco. Meu pai deume un caramelo, dixo que faría que me atope mellor, pero a miña cabeza agora da voltas. Díxome que o esperara aquí, xunto á barca, ademáis prometeume que iríamos a visitar a mamá. O certo é que anda moi nervioso, de seguro está moi nervioso por vela, xa fai moito tempo que se foi ao ceo e agora por fin a veremos.

Algo ule moi ben, coñezo ben este olor, son as plantas, o bosque, o río... Sempre me gustou. Quero esperalo esperto, pero o sono e o dolor de cabeza fano demasiado difícil, e decido pechar os ollos e votar unha cabezada.